

Nova Escola Galega contra os ataques á Liberdade de Cátedra

A propósito do debate suspendido pola Inspección no IES de Foz

Nova Escola Galega deplora, de novo, a decisión da Consellería de Educación da Xunta de Galicia, a través dos servizos de Inspección Educativa, de suspender no IES de Foz un acto formativo, emprendido co respaldo da dirección do Centro, consistente nunha Mesa Redonda sobre as eleccións municipais, con diversas candidaturas participantes.

A actividade, que xa tivo lugar tamén hai catro anos, está concibida como unha iniciativa interna de formación, relacionada coa actividade política e a vida social, económica e cultural que se articula a través das Institucións democráticas da Administración Local, e vai dirixida a alumnado de 4º da ESO e de 1º de Bacharelato, sendo ocasión dunha preparación previa por parte do profesorado e o alumnado implicado, para responder tanto aos intereses, interrogantes e necesidade de coñecemento do alumnado, como á esixencia de promover unha educación aberta e problematizadora en relación co seu contexto.

A inspección educativa non pode ser un medio rancio, autoritario e burocrático de control negativo da liberdade de cátedra e, ao dicilo, somos conscientes da responsabilidade educadora que comporta a liberdade de cátedra en relación cos dereitos da infancia e da adolescencia, a autonomía e a liberdade de conciencia. Polo contrario, a Inspección debe ser 'educativa' ou, se non, é un estorbo; isto é, a Inspección ten a capacidade para informar e reforzar, neste caso, sobre a correcta actuación do centro a algunhas familias posiblemente mal informadas sobre o conxunto das tarefas educativas e as súas implicacións. Argumentouse que o alumnado aínda non ten dereito ao voto, pero o alumnado tamén é veciñanza á que hai que formar no senso ético e cívico, o que é hoxe unha responsabilidade formativa que transcende aos centros, pero que tamén os inclúe.

Outra torpeza máis da Consellería de Educación, e van... Esiximos respecto e declaramos a nosa solidariedade co profesorado e alumnado do IES de Foz.

Santiago de Compostela a 20 de Maio de 2019.